

Que facer?

Descenso de barrancos no val do Navea

Salto a pozas, tobogáns e rápeos nun tramo cun desnivel de 180 metros que remata nunha pequena cova de pedra.

Estación de montaña Cabeza de Manzaneda

Ademais da práctica de deportes de neve, ofrece ao visitante numerosas actividades deportivas e de ocio durante todo o ano.

Rutas de sendeirismo

- Ruta Os Sequeiros
- Andaina ponte Bibei
- A Vía Nova ou Vía XVIII

Piscinas municipais

Área recreativa O Caneiro

Gastronomía

A estrela das mesas e un dos mellores regalos que se poden levar destas terras é a bica, aínda que tamén destacan as castañas e o mel autóctonos. O cabrito asado do Navea é outra das excelencias da nosa cociña. Como dignos acompañantes destes manxares son os viños das ribeiras de San Fiz e dos bancais de Bibei.

Eventos

- Festa do Cocido, Piñeiro. Xaneiro.
- Festa do Chourizo, Vilanova. Primeiros de febreiro.
- Festa da Bica. Primeiro fin de semana de agosto.
 - Ferias os días 1 e 15 de cada mes, se coincide con día festivo, celebrarase o seguinte día laborable.

Festas patronais

- San Bartolomeu, 24 de Agosto
- Santo Cristo, 14 Setembro
- Dolorosa ou seguinte fin de semana ao Cristo.

+ información:

Oficina de Turismo (Colegio Santa Leonor)
Rúa Eumenio Ancochea, 15
2780 A Pobra de Trives. Ourense.
Tel. 988 330 967
turismo@concellodapobradetrives.com



A Pobra de Trives

Un paraíso creado para ti



CONCELLO DE
A POBRA DE TRIVES

T 988 33 00 00 | F 988 33 10 10

www.apobradetrives.es | concello@concellodapobradetrives.com
Paseo de San Roque, 4 | 32.780 | A Pobra de Trives. Ourense



galicia



DL: OU 208-2014

A Pobra de Trives

Municipio ourensán de gran beleza e fortes contrastes. Situado entre os ríos Bibei e Navea, ou Cabalar e Fiscaíno en forma de "fervenzas" e as montañas de Serra de Queixa, onde se funden arte, natureza, paisaxe e historia. Sen dúbida unha vila repleta de beleza, tranquilidade, encanto e señorío en cada canto que se respira. Un paraíso creado para ti.

1 Santa Leonor

O antigo Colexio Santa Leonor é o cofre da memoria histórica do lugar onde moitas xeracións trivesas foron educadas. Hoxe en día no seu interior alberga o Centro de Interpretación Histórico-Cultural de Terra de Trives e o Museo da Infancia e a Escola.

Centro de Interpretación Histórico-Cultural

A montaña da vida invítalo a entrar no corazón da natureza, mentres as luces, as voces e a música o guían nesta aventura.

Museo da Infancia e da Escola

Unha oportunidade única para viaxar ao pasado e somerxerse no mundo da escola e a infancia do s.XIX.

2 Igrexa parroquial do Santo Cristo

Apuntada igrexa de 1864 que ensina ao ceo todo o seu esplendor, coma se desexase competir en altura coa veciña montaña. Garda no seu interior tres capelas, a maior dedicada ao Santo Cristo de la Misericordia traído de Terra Santa.

3 Casa do Concello

Estación de Montaña, Cabeza de Manzaneda. 18 Km.

4 Praza do Grifo

Fermoso e sobrio recanto no que destaca a casa co seu brasón e a súa historia asociada á nobreza, pois pertenceu ata o s.XIX á Casa de Alba a través das posesións dos Lemos nestas terras.

5 Pazo do Marqués

Fermoso pazo do s.XIX de aspecto señorial no que resalta o seu escudo de armas na fachada principal e uns xardíns que albergan restos romanos, como miliarios da Vía Nova e varias inscricións en bases de pedra.

7 Casa Grande

Monumental pazo urbano, presidido polas armas dos Quiroga. Gaioso e Domínguez. Pioneiro en turismo rural. Posúe unha capela baixo a advocación da Virxe do Carme, cun magnífico retablo datado no s.XVII.

6 Torre do Reloxo

Imaxe emblemática da vila, formaba parte do antigo templo de San Bartolomeu. Foi derruída nos anos 60 e reedificada en 1995.

1 Pazo A Freiria

Construído sobre un antigo mosteiro de templarios, hoxe en día é unha casa de turismo rural.

2 Pazo Paradela

Edificación que, aínda conservando a súa forma orixinal, queda a medias entre a casa alta de labranza e o pazo.

3 Pazo A Corga

Este pazo posúe unha das pezas heráldicas máis belas do municipio. Ostenta as armas de Losada, Somoza, Quiroga e Feijóo.

4 Pazo Barbeirón

A actual edificación data do s.XIX e emprázase dentro dun extenso terreo de máis de dez hectáreas.

5 Pazo San Lorenzo

6 Pazo O Cobato

7 Igrexa de San Sebastián de Piñeiro

8 Igrexa de San Salvador de Sobrado

Templo románico de principios do s.XII xunto ao cal quedan aínda en pé restos do mosteiro das monxas beneditinas que o habitaron ata comezos do s.XVI.

9 Capela da Encarnación

A súa función era protexer aos viandantes que peregrinaban por aquí cara a Santiago de Compostela. Contan que era un albergue para todo aquel que camiñaba intrépido por estes lugares.

10 Cruceiro de Sta. María de Trives

11 Ponte Navea

Ponte de orixe romana que daba paso á vía que conducía de Braga a Astorga e da que se conservan aínda importantes vestixios.

12 Ponte Cabalar

Ponte romana acompañada de dous muíños e da beleza da paraxe natural na que se encrava.

13 Ponte Bibei

Ponte romana da época trajana datada no s.XIX. Foi construído para o paso da Vía Nova. Ostenta a categoría de Monumento Histórico-Artístico Nacional.

14 Castro A Cigañona

15 Igrexa San Bréximo

16 Santo Cristo da Misericordia

17 Fábrica de chocolate
O chocolate elaborábase baixo a marca Royal, proveedora da Casa Real de España.

